



Facultade de Filoloxía e Tradución **Universidade de Vigo**

Acta da sesión ordinaria virtual da
Comisión de Calidade
30 de maio de 2018

Asistentes:*Presidencia*

Luis Alonso Bacigalupe

Secretaria

Susana Rodríguez Barcia

*Membros da CC**PDI*

Inmaculada Báez Montero
 Xosé Henrique Costas
 Jorge Figueroa Dorrego
 Lourdes Lorenzo García
 Ana Luna Alonso
 Carme Luna Sellés
 José Montero Reguera
 Ana María Pereira Rodríguez
 Javier Pérez Guerra
 Eduardo Varela Bravo
 José Yuste Frías

Sector PAS

Sen representante

Desculpan

Miguel Cuevas Alonso
 Maribel del Pozo Triviño
 Antonio Rifón Sánchez
 Raúl Pérez Álvarez (sector
 alumnado)
 Tania Souto Rodal (sector
 alumnado)
 Rosalía Rodríguez Vázquez
 Elena Sánchez Trigo

Non asisten

Alba Gil Vicente (sector alumnado)

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 30 de maio de 2018 en sesión presencial.

Ábrese a sesión ás 10:35 h

ORDE DO DÍA**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria virtual da Comisión de Calidade celebrada o 9 de febreiro de 2018.**

Apróbase por asentimento.

2. Informe do Decano.

O Decano da a benvida aos novos membros da Comisión de Calidade. Comeza polo alumnado (Raúl Pérez Álvarez, Alba Gil Vicente e Tania Souto Rodal) e a continuación co Director en funcións do Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá.

Tras as benvidas, o Decano informa sobre que a Vicedecana de Calidade pasa a formar parte do equipo reitoral como Directora da Área de Captación e agradece o seu traballo durante case tres anos.

Finalmente, o Decano informa sobre o desenvolvemento do programa anual de Docencia que, por mor do cambio do equipo reitoral estase adiando con respecto a outros anos. No caso da FFT, a administrativa do Negociado de Asuntos Xerais xa ten avanzado o documento cos datos necesarios para a avaliación docente anual, así que o centro está preparado para o momento no que se active o programa.

3. Valoración do desenvolvemento do programa PAT no curso 2017-2018

Dende o inicio indícase que os informes e fichas de seguimento están a disposición da Vicedecana de Calidade, e que se conservarán para uso interno. O informe final do PAT 17-18 só recollerá aspectos xerais sobre o seu desenvolvemento.

Posto que a Coordinadora do PAT no Grao en Linguas Estranxeiras non está presente, encárgase o Coordinador do título de transmitir o informe e valoración realizados por ela. En xeral, o balance é moi positivo. Eduardo sinala que coa reforma do PAT conseguíuse delimitar mellor as competencias que teñen asignadas a coordinación académica e a coordinación da titorización de alumnado. Indica que Rosalía Rodríguez cumpriu plenamente a súa función de titora e felicítase polo traballo desenvolvido. Destaca a boa organización das eleccións de representantes de curso, que axudou á comunicación entre titora e alumnado titorizado. Destaca

que houbo maior participación en 3º e 4º curso que en 2º. O aspecto negativo é a persistencia da percepción por parte do alumnado de que algunhas queixas quedan sen solución directa, pero tanto a Vicedecana de Calidade coma o Decano insisten en que non poden interferir en cuestións metodolóxicas do profesorado, sempre que non se incumpra a guía docente, ou en cuestións relativas aos horarios, por exemplo.

A profesora Ana Luna, como unha das coordinadoras de PAT no Grao en Tradución e Interpretación, valora tamén de forma positiva o desenvolvemento do programa durante o curso 17-18. Indica que fixo as reunións previstas e algunha entrevista solicitada polo alumnado. Sinala que o alumnado ten algo de saturación de información, e que as veces por este motivo non utiliza de forma efectiva as canles de información. Remata cunha valoración positiva en termos de asistencia e de resolución dos conflitos concretos plantexados en reunións e entrevistas grupais.

Finalmente, Carmen Luna analiza o desenvolvemento do PAT no Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Refírese ao seu labor como interlocutora e mediadora co alumnado. Sinala que o alumnado de 2º curso foi o máis activo debido á reclamación da implantación de módulos. Indica que en todo momento informou de todo o proceso nas reunións oportunas e tamén nas reunións puntuais que mantivo co alumnado. Un dos aspectos detectados pola Coordinadora de PAT neste grao é a utilidade de contar con representantes do alumnado por curso, algo que inclúe como mellora para o curso 18-19. Destaca coma un dos aspectos que mellor funcionou a boa comunicación do alumnado semipresencial a través dun grupo de Whatsapp creado e organizado por ela.

Para pechar o punto, o Decano valora positivamente o desenvolvemento do PAT, refírese ás boas percepcións do profesorado que titorizou os graos e do alumnado. Lourdes Lorenzo apunta tamén que coa nova estrutura optimizouse o traballo, que se delimitaron mellor as competencias entre a coordinación de PAT e a coordinación do grao e que, deste xeito, liberouse a carga de traballo para as coordinadoras académicas. Mellorouse, en definitiva, a identificación de interlocutores e a información ofrecida ao alumnado.

4. Reflexión sobre boas prácticas das comisións avaliadoras dos TFG.

O Decano expón brevemente que, a través de diversas canles, existe a necesidade de iniciar unha reflexión sobre a actuación das comisións que avalían os TFG. En primeiro lugar, introduce a cuestión da complexidade organizativa das defensas de TFG e comenta que noutras universidades os traballos expóñense e

avaliáanse de distintas formas, máis sinxelas. Pero, posto que é posible que se acometa unha reforma do regulamento de TFG na Universidade de Vigo e que isto poida levar a unha reforma do regulamento de TFG na FFT, adíase o debate da reforma para o momento en que existan novas directrices. En segundo lugar, sinala que son dous os aspectos principais sobre os que hai que debater en canto ás defensas dos TFG: o tempo das intervencións e o carácter das intervencións. O primeiro punto xa está delimitado no Regulamento para a realización do TFG da Universidade e da Facultade: dez minutos para o alumno ou alumna e 5 para cada membro do tribunal. Pero a realidade é que isto se aplica en cada tribunal de forma arbitraria. José Montero e Javier Pérez Guerra sinalan que eles sempre observaron cumprimento destas indicacións, pero o Decano afirma que el mesmo foi testemuña de intervencións de membros de tribunal de máis de 40 minutos de duración. Por iso é preciso que se recorden as indicacións ao respecto. Sobre o carácter das intervencións, recorda o Decano que deben ser críticas, pero construtivas, e tamén sempre cun tono cordial e non ofensivo. O acordo final da comisión é crear unha breve guía cos puntos fundamentais que se deben ter en conta en termos de duración, relevancia e concisión. Queda encargada a profesora Ana Pereira, que a desenvolverá en consenso co resto de coordinacións dos graos.

Antes de rematar o punto relativo aos TFG, o profesor Javier Pérez Guerra solicita que conste a súa petición de levar a outros órganos da facultade, máis aló do propio departamento, a reflexión sobre as linguas nas que o TFG do Grao en Linguas Estranxeiras pode ser realizado e defendido. O Decano indica que este ano seguirá vixente a Guía docente de TFG aprobada para o curso 17-18, pero que é preciso abrir ese debate antes da aprobación da nova guía docente. A cuestión é que neste grao hai casos de persoas sen nivel dabondo en alemán que teñen que redactar e defender o traballo nesta lingua. A Vicedecana de Calidade suxire que, como sucede no Grao en Tradución e Interpretación, o alumnado poida redactar e defender o traballo en calquera das linguas do grao, o que incluíría ás linguas galega e española impartidas no primeiro curso. Tras un breve intercambio de opinións, o Coordinador do Grao (Eduardo Varela) queda encargado de organizar unha reunión co profesorado para reflexionar e decidir sobre esta cuestión antes de realizar a Guía docente do TFG para o curso 18-19.

5. Rolda aberta de intervencións

A Vicedecana de Calidade traslada a consulta do alumno Raúl Pérez Álvarez sobre a percepción do alumnado con respecto á atención segundo él deficiente ou nula do profesorado na organización e formalización dos contratos de estudos. O coordinador do grao toma nota e indica que insistirá na información

que deben ofrecer profesorado e titora de PAT ao respecto.

Javier Pérez Guerra comenta que sería moi útil incluír no apartado de Guías docentes da páxina web da FFT un enlace coas guías dos mestrados.

Eduardo Varela transmite unha preocupación do profesor Martín Urdiales sobre o feito de que os requerimentos técnicos para introducir o título dos TFG na plataforma da Secretaría Virtual leva a un incumprimento, en ocasións, das convencións ortotipográficas. O Decano responde que é unha cuestión técnica que non podemos resolver e que, en calquera caso, no traballo estará disposto correctamente.


A profesora Ana Luna comenta que sería moi útil poder contar cunha listaxe dos títulos de TFG disposta para consulta pública co fin de non repetir traballos feitos con anterioridade. O Decano comprométese a falar co persoal de administración para ver se esta listaxe pode realizarse a partir do curso próximo.

Para finalizar, o profesor Xosé Henrique Costas comenta que na biblioteca respondéronlle que, por cuestións de espazo, non é posible adquirir obras das que existe unha copia xa no catálogo. A cuestión é que en moitos casos un só exemplar dunha obra de referencia para o alumnado non é dabondo, polo que o Decano queda encargado de falar coas persoas responsables da biblioteca e plantexar unha reestruturación que dea acollida a máis exemplares.


Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:03 h.

Vigo, 30 de maio de 2018


Visto e praxe do Decano



Luis Alonso Bacigalupe



A secretaria (Vicedecana de
Calidade)



Susana Rodríguez Barcia